

O plan de estudos do Mestrado de Goberno Local e Políticas Públicas Inovadoras require a superación dun total de 60 créditos ECTS. Ofrécense dous itinerarios posibles: Un de orientación profesional – Gobernos locais especializados: políticas públicas, innovación e territorios sustentables – e outros con orientación investigadora – Institucións e políticas locais-. O alumnado deberá cursar obrigatoriamente, como mínimo, un dos itinerarios, podendo, se o desexa, completar ambos. Neste último caso, para completar un segundo itinerarios, unicamente se esixirá a superación das materias obrigatorias correspondentes.

O plan contén cinco materias troncais obrigatorias para todo o alumnado (en total, 24 ECTS). Ademais, cada itinerario inclúe outras 3 materias específicas obrigatorias (en total, 9 ECTS). O percorrido polas materias obrigatorias complétase coas Prácticas Externas (9 ECTS) e o Traballo de Fin de Máster (TFM) (6 ECTS).

Finalmente, ofertaranse 24 créditos ECCTS en materias optativas (8 materias de 3 créditos ECTS), das cales o alumnado deberá cursar 12 créditos ECTS (4 materias).

En total ofertaranse 21 materias, dispoñendo o alumnado de capacidade para seleccionar algunhas das materias que desexa cursar en función dos seus intereses e prioridades.

Todas as materias teñen carácter cuatrimestral. Trátase de que a carga por cuatrimestre sexa equilibrada, considerando que tanto as prácticas externas coma o TFM realizaranse preferentemente no segundo cuatrimestre.

A obtención deste título de mestrado tamén permite ao alumnado con vocación investigadora no ámbito dos gobernos locais e as políticas públicas acceder á etapa de tese de acordo coas liñas de investigación establecidas no marco dos programas de doutoramento da USC, conforme á normativa da USC en materia de estudos de doutoramento. Os egresados e egresadas do Máster de Goberno Local e Políticas Públicas Inovadoras terán acceso aos programas de doutoramento que así o recoñezan, especialmente aqueles coordinados polos membros do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía.